



COSTA DE CARBALLO

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 22 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa

O concello de Carballo conta cunha costa exposta aberta ao océano e moi diversa, na que se alternan grandes areas e marismas, enseadas cabos, illas... con zonas baixas e elevados cantís.

Toda a costa está protexida dentro do LIC/ZEC "Costa da Morte" e na ZEPA "Espazo Mariño da Costa da Morte".

É unha área de enorme valor biolóxico que acolle unha importante flora e fauna con numerosas especies pouco comúns.

A vexetación de cantís, dunas e marismas está moi especializada e pódense atopar numerosas especies e subespecies

endémicas da zona. En canto á fauna hai que destacar a gran riqueza dos hábitats costeiros e o número de

aves acuáticas, moitas delas invernantes que se concentran nos cantís e nas zonas húmidas.

A zona é unha importante área de pesca e marisqueo e recentemente tamén

de gran interese turístico.



- 1-A Ferreira. Punta Santa Mariña.
- 2-As Uchas
- 3-As Percebeiras
- 4-Punta do Chan de Razo
- 5-Porto de Meda
- 6-Punta Corveira
- 7-A Muñeira. Furna dos Corvos
- 8-Porto de Razo
- 9-A Cabreira
- 10-Praia de Razo
- 11-Río Oza
- 12-Praia de Baldaio
- 13-Lagoa de Baldaio.
Rego de San Miguel
- 14-Praia da Pedra do Sal
- 15-Pedra do Sal
- 16-Furna do Corvo
- 17-Illote do Castelo
- 18-Punta da Fonte
- 19-Punta Mortaza
- 20-Praia de Montefonte
- 21-Praia da Arnela
- 22-Porto e praia de Leira
- 23-Meixón de Leira
- 24-Pedra Vella
- 25-Porto Loureiro
- 26-Furna Furada



Lagoa, marismas e dunas de Baldaio

PERCORRIDO

Plantexamos un primeiro achegamento por estradas para coñecer os puntos máis destacados, que se poden complementar con camiñadas, máis ou menos devagar, en función do tempo e dos intereses de cadaquén.

Recoméndase facelo coa marea baixa para poder camiñar polos areais e ver as partes baixas dos cantís (furnas, arcos...)

Comezamos achegándonos á **punta de Chan de Razo**, onde podemos dar unha volta para ver os **cantís da Ferreira**,

As Uchas, As Illas Percebeiras, o Porto de Meda, a punta Corveira, A Muiñeira, o Porto dos Corvos, o Porto de Razo e varios **arcos** nas rochas. Desde alí hai unha espléndida vista panorámica de case toda a costa de Carballo, en especial das praias de Razo e Baldaio. Continuamos pola estrada ata a **Punta de Razo** e logo achegámonos a un dos aparcamentos da **praia de Razo**. Desde esta praia podemos camiñar e dar a volta ás praias de Razo e Baldaio e á lagoa (uns 7,5 km, circular) ou seguir por estrada ata o aparcamento da **praia de Baldaio**, onde podemos visitar tamén a **lagoa** e achegarnos á **Pedra do Sal**. A partir de aquí podemos camiñar pola beira da costa e ver o efecto do traballo das ondas e do sal nas rochas, e despois de rodear o Monte Gordo desembocar na **enseada do Xunco** e baixar á **praia da Arnela**, o areal que se estende entre **Montefonte e Leira**, con varias furnas (unha delas, húmida, cunha interesante vexetación) e abrigos, que só se poden gozar coa baixamar. Pasado o **porto de Leira**, co seu regato e o seu coído, seguimos polos carreiros ao pé do cantil para descubrir a **furna dos Porriños** e un pouco máis adiante un pequeno **arco** que resiste ao fondo dunha canle entre paredes de rocha antes de chegar a outro dos puntos de interese do roteiro, á **Furna Furada**, co gran arco que se orixinou cando se afundiou o terreo detrás del, as furnas ao seu pé e outro arco máis pequeno que tamén resiste o efecto de desgaste dun pequeno regueiro.

Para facer este tramo en coche hai que achegarse ás praias da Arnela ou de Leira.



1- A Ferreira. Punta de Santa Mariña



O litoral de Carballo ten un grande interese xeolóxico: diversidade de rochas e minerais e formas costeiras producidas polas forzas da terra e a erosión: cantís, furnas, praias fósiles, dunas...



2- As Uchas




3- As Percebeiras



Arcos e furnas na punta de Chan de Razo. Na imaxe (2019) o arco foi arrasado polo mar



Arco en 2009





5- Porto de Meda



6- Punta Corveira




7- Furna dos Corvos



Do Porto de Razo á punta Corveiro



8- Porto de Razo



Punta de Razo



9- A Cabreira




Praias de Razo e Baldaio. O conxunto formado polas praias de Pedra do Sal, Baldaio e Razo forma un areal de máis de 5 km de lonxitude situado entre as puntas da Fonte e Razo. Aprécianse varias zonas claramente diferenciadas: unha praia-barreira cun sistema de dunas formando un cordón paralelo á costa; unha lagoa de 1.600x800 m de dimensións máximas, comunicada co mar por unha canle; unha marisma resultado da colmatación e da colonización vexetal con substrato de areas e fangos, e unha zona turbosa. É unha importante zona de invernada e descanso de aves acuáticas.





10-Praia de Razo

Rego de Porriños

11- Río de Oza



12-Praia de Baldaio



13-Lagoa de Baldaio.



A marisma de Baldaio sufriu diversas agresións que estiveron a punto de destruír o seu valor ecolóxico. A máis importante foi a apertura de canles, o peche con comportas e a extracción de area para ser explotada por unha empresa privada.



Dunas fixas na contorna da lagoa



Rego de San Miguel



Vexetación nas dunas móbiles



Orquídea
(*Dactylorhiza elata*)



Herba salgada (*Limonium vulgare*), unha planta que se desenvolve en ambientes onde se mestura auga doce e salgada.



Vexetación nas dunas fixas.




Laverca (*Alauda arvensis*), unha ave de campos abertos que se pode ver na contorna da lagoa.



Leiteira das praias (*Euphorbia paralias*).
Medra nas dunas fixadas e nas areas soltas.



Lavandeira verdeal (*Motacilla flava iberiae*).
Cría en Galiza nos veráns preto das zonas húmidas e pasa os invernos en África.



Niño protexido de pillara papuda (*Charadrius alexandrinus*).

As praias de Baldaio e Razo e a lagoa están incluídas no LIC Costa da Morte, polos seus valores ecolóxicos e paisaxísticos. Acolle unha gran diversidade de flora, propia das dunas e as marismas, e fauna, sobre todo aves limícolas durante os pasos migratorios e na invernada. No areal cría a pillara papuda, nas dunas crían laverucas, lavandeiras... e no fondo da marisma os lavancos.



14- Praia da Pedra do Sal



15- Pedra do Sal



16- Furna do Corvo



17- Illote do Castelo



17- Illote do Castelo




18- Punta da Fonte



20- Praia de Montefonte



19-Punta Mortaza



21- Praia da Arnela




Praias de Leira e A Arnela



22- praia de Leira



Porto de Leira



Sedimentos na costa de Leira



23- Meixón de Leira



25- Porto Loureiro



26- Furna Furada



24- Pedra Vella

